

Intervención do presidente do Parlamento de Galicia como delegado rexio na festividade da Translación do Apóstolo Santiago

Festividade da Translación

30 de decembro de 2024

Señor Santiago, patrón de España e de Galicia:

Acudo hoxe a esta túa casa na conmemoración da secular translación do teu corpo; ata esta terra na que prendeu e se forneceu o espírito cristián e xacobeo que cada ano conduce miles de almas a se congregaren en Compostela.

Calquera sociedade que se prece enxalza os seus propios sinais de identidade e aviva as súas tradicións, como facemos cada ano nesta basílica ao presentar, no nome do Rei de España, a Ofrenda Nacional ao Apóstolo Santiago con ocasión da conmemoración litúrxica da Translación, nunha ofrenda instituída por Felipe IV en 1646.

Síntome hoxe moi honrado e agradecido ao exercer como delegado rexio da súa maxestade El Rei Felipe VI nesta festividade relixiosa que encadea séculos de historia e compromiso da Coroa cos valores relixiosos e culturais que representa para Galicia, para España e para Europa.

Nun mundo no que estamos a vivir cambios profundos e acelerados pola impaciencia que caracteriza o ser humano, é importante que administracións e cidadáns contribuíamos a prol da solidez de todas as institucións que garanten a necesaria unidade e a igualdade entre todos os territorios que conforman o país.

Temos ante nós o mellor exemplo dun traballo colectivo que se ergueu desde a praza do Obradoiro para ofrecer ao mundo a obra

monumental desta Catedral que hoxe nos acolle e que, ano tras ano, abre as súas portas para recibir os peregrinos chegados desde múltiples destinos cunha meta común.

Peregrinos procedentes de todo o orbe acoden, arestora como outrora, a esta basílica que xurdiu «florecedo como unha música marabillosa, como unha primavera callada no románico, no limiar dos destinos e da historia», nunha expresión tomada de don Ramón Otero Pedrayo ao glosar a figura do primeiro arcebispo desta sede, don Diego Xelmírez, co que Santiago e Galicia continuamos estando en débeda preto dun milleiro de anos despois.

Unha tradición xacobeá que afunde as súas raíces na noite dos tempos e que non só converteu Santiago nun dos maiores centros de peregrinación da cristiandade, senón que conecta Galicia co resto de España e con todo o continente europeo —arestora, xa con todo o mundo—, cos diferentes camiños como eixes dun intercambio enriquecedor; en primeiro lugar, para os propios peregrinos, pero tamén para todos os territorios que atravesamos e para as xentes que neles residen.

Señor Santiago:

Chegamos a estas datas sen que se apagase o trágico ruído das guerras que despoñan as familias dos seus seres queridos e destrúen os seus fogares.

Seguen a ser moitas, demasiadas á vista de calquera, as persoas que se ven obrigadas a fuxiren do terror que invade os países como Ucraína ou Oriente Medio, nos que a paz pola que rogamos se converte, por desgraza, nunha sorte de utopía.

Acabamos hai ben pouco de asistir con espanto a outra traxedia natural que deixou vidas afogadas e fogares arrasadas nas vilas que sufriron a traxedia inesperada das riadas que afectaron varias comunidades. Nas nosas retinas quedaron prendidas as durísimas imaxes duns sucesos que a todos nos teñen que facer reflexionar e que non podemos deixar no esquecemento.

- O noso agradecemento a todas e todos os voluntarios, membros dos equipos de emerxencias e das forzas e corpos de seguridade que acudiron aos lugares nos que a lama desfixo vidas, soños e proxectos de todas as idades.
- Grazas a todos e a todas vimos un exemplo de solidariedade e xenerosidade que nos permite mantermos a confianza e a esperanza nunha sociedade que acotío parece cada vez máis entregada ao individualismo e á frivolidade das imaxes deturpadas.
- A recuperación da normalidade e a reconstrución para que as vítimas sintan a protección real e efectiva das administracións ten que ser unha obriga para todos e todas as que desempeñamos responsabilidades públicas.

O estado do benestar do que desfrutamos —e cuxa preservación a todos nos concirne— contrasta coas dificultades ás que se enfrontan moitos dos nosos semellantes.

Por iso, o servizo público debe orientarse, sempre e por riba de calquera obxectivo, á busca do ben común, para seguir construíndo unha sociedade de persoas libres e iguais, en dereitos e en deberes. Unha sociedade na que todas as persoas, con independencia do territorio no que residamos, teñamos garantido o acceso a idénticos servizos públicos. Garantir a súa prestación e mais un sistema de financiamento equilibrado e non discriminatorio, no que se priorice as persoas por riba dos territorios, constitúe unha obriga legal, pero tamén un deber moral que a todos nos compite.

Desas dificultades coas que a diario se enfronta a nosa sociedade non podemos esquecer a urxente necesidade de facer efectivo o dereito constitucional á vivenda. A necesidade de sumar esforzos para dinamizar unha oferta que facilite o acceso, especialmente dos máis xóvenes, ten que ser prioritaria nas axendas públicas da integración e a cohesión social.

Desde aquí facemos hoxe un chamamento, co que reclamamos atención para dar voz aos máis vulnerables:

- Ás vítimas de calquera tipo de violencia, ás que debemos protexer, comezando pola prevención e a educación no respecto máis básico, que é o respecto ao noso próximo.
- Aos máis novos, aos que o Papa Francisco advertía na Xornada Mundial da Xuventude de 2023 de non «deixárense contaxiar pola indiferenza e o individualismo».
- Aos máis anciáns, aos que debemos un status de dignidade e de respecto recoñecido e moitas veces venerado, desde as sociedades máis primitivas.

E pedimos valentía, decisión e coordinación para encarar a lacra da violencia machista.

Son moitos os desafíos aos que nos enfrontamos nun mundo cada vez máis entregado a unha vertixinosa evolución tecnolóxica que, ademais dos seus innegables beneficios en numerosos ámbitos, parece querer afastar cada vez máis o factor humano.

Nesa inevitable evolución fanse necesarias unha reflexión e unha análise crítica e racional nas que a ética acompañe os desafíos que comporta o crecente liderado da intelixencia artificial, tal e como acaba de propoñer recentemente Felipe VI nun congreso dirixido a executivos e directivos empresariais organizado na Coruña.

Con especial atención a eses dous sectores da poboación que están na base e na cúspide da pirámide demográfica: os máis novos e os máis anciáns.

O idadismo, a discriminación que a OMS xa identificou como o novo fenómeno social que conduce á discriminación por motivos de idade, ten consecuencias no só para os de máis idade, senón tamén para os máis novos e, por tanto, para a sociedade en xeral.

A adxudicación de estereotipos baseados na idade pode manifestarse en moitos ámbitos, como a crenza de que os nosos mozos son inexpertos ou inmaduros ou a inxusta percepción de que os anciáns son un lastre para a sociedade.

- O escritor e poeta polaco Stanisław Jerzy Lémbraños que «a xuventude é un regalo da natureza, pero a idade é unha obra de arte»ⁱⁱⁱ.

A lonxevidade no século XXI non pode ser concibida como unha ameaza, senón como unha oportunidade de vida.

Señor Santiago:

- Comparezco en esta ofrenda nacional para traer ante tu altar las preocupaciones, pero también las ilusiones, de los hombres y mujeres de España y de Galicia; las de todas las personas de buena voluntad que cada día se esfuerzan por sacar adelante a sus familias, sus empresas y sus proyectos. Proyectos de vida, en suma, que merecen ser vividos.
- El avance exponencial que protagonizan las tecnologías de la información y la comunicación se traduce en nuevas oportunidades en todos los ámbitos, al tiempo que se convierte en un auténtico desafío necesitado de respuestas audaces cuando, por ejemplo, el uso excesivo de dispositivos amenaza la salud mental de niños y jóvenes; cuando la inteligencia artificial irrumpe con fuerza en nuestra vidas, con soluciones novedosas, pero también con incógnitas todavía por despejar; o cuando algunas redes sociales contribuyen a la difusión de noticias falsas, con todos los riesgos que ello implica.
- Una vez más, en esta ofrenda pedimos paz y pedimos por la paz. En Ucrania, en Oriente Medio y en tantos otros escenarios en los que el lenguaje de las armas se antepone a la solución dialogada, causando muerte, desolación y sufrimiento entre la población civil, entre personas inocentes una y otra vez masacradas.

- Paz también en los hogares y en las familias, desterrando, de una vez y para siempre, otra de las lacras de nuestro tiempo: la violencia de género, tan repugnante como devastadora.
- Pedimos paz y pedimos salud, el bien máspreciado de cualquier persona y, por tanto, nuestra primera y principal prioridad en cualquier etapa de la vida.
- Pedimos por todas las personas enfermas, por una dolencia física o mental, y por sus familias, a los que enviamos todo nuestro afecto y siempre tenemos presentes.
- Pedimos por la emigración gallega, esa quinta provincia que es parte inseparable de nuestra memoria colectiva, como hermanos nuestros que son.
- Pedimos por el bien común, objetivo último de cuantos desempeñamos responsabilidades de uno u otro tipo, en un tiempo también necesitado de ejemplaridad para recuperar el crédito perdido por determinadas instituciones.
- Pedimos tu intercesión, Santo Apóstol, por su santidad el Papa Francisco, para que lo guíes y acompañes, con fortaleza y esperanza, en su senda episcopal.
- Y pedimos, señor Santiago, por su majestad el Rey y la familia real, para que continúe ejerciendo sus funciones con rectitud, como referente de integridad y sentido del deber en una España necesitada de sólidos referentes institucionales.

Desde esta Catedral, símbolo de europeísmo, de progreso e de solidariedade, na que conflúen as pregarias dos peregrinos chegados a través de tantos camiños, acudimos a ti, santo Apóstolo, para que nos



acollas baixo a túa protección e ilumines coa túa sabedoría o novo ano a piques de comezar.

Ultreia et Suseia/Buen Camino
